



Sesión ordinaria do 20 de marzo de 2007

<p>Asistentes</p> <p>A. Gago Rodríguez (Presidente)</p> <p>J. F. Gálvez Gálvez (Vicerreitor de P.D.C.O.)</p> <p>J. C. Mejuto Fernández</p> <p>I. C. Iglesias Canle</p> <p>J. Vázquez Vázquez</p> <p>E. Barreiro Alonso</p> <p>J. A. Fraiz Brea</p> <p>A. Garriga Domínguez</p> <p>J. Simal Gándara</p> <p>M. B. Vaquero Díaz</p> <p>V. Domecio Pissarro</p> <p>D. Fernández Calviño</p> <p>D. Xurxo Gómez Alonso</p> <p>A. Orosa Rodríguez</p> <p>A. Rodríguez Sampayo</p>	<p>No Salón de Graos do Edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes, citados á marxe, desculpando a súa asistencia a profesora M. Victoria Carballo-Calero, o profesor Xosé Manuel Cid Fernández e o profesor Javier Rodeiro Iglesias, reúnese o Consello de Campus de Ourense en sesión ordinaria o día 20 de marzo de 2007, ás 11,30 horas, en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Informe do Presidente.2. Informe das solicitudes de cursos de extensión universitaria3. Informe das solicitudes de organización de actividades e para a dotación de material das asociacións estudiantís.4. Rolda de intervencións. <p>Informe do Presidente.</p> <p>O Reitor na súa calidade de Presidente do Consello de Campus informou, entre outras cuestións, das seguintes:</p> <p>- Situación xeral da Universidade e, en particular, da situación actual da reforma universitaria en España: Triple proposta a nivel institucional o mesmo tempo: A nivel nacional: implantación dos créditos ECTS; reforma da LOU; reforma dos títulos de grao e posgrao; reforma dos plans de estudio. Todas estas reformas estanse levando a cabo simultaneamente e deberán estar resoltas entre abril e xuño. A nivel autonómico: número de titulacións, procedemento e financiamento. Estas son competencias autonómicas. Dende a aprobación da LOU, deberá haber unha norma autonómica de ordenación universitaria de Galicia, xa que a LOU non resolve tódolos aspectos de cambio. A nivel da Universidade: xa que a norma autonómica tampouco vai resolver tódalas cuestións, será necesario adaptar as normas internas da Universidade. Esta adaptación debería producirse entre xuño e setembro. A partir do curso 2007-2008 debería comezar a elaborar os novos plans de estudio.</p> <p>O Presidente explica o seguinte plan de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none">- Difusión das normativas nacional e autonómica en roldas de visitas aos Campus.- Organización dunhas xornadas divulgativas para o que se invitará ao Secretario Xeral de Universidades.
--	---



	<p>- Xuño-setembro: adaptación das normas da Universidade. - Calendario de adaptación dos novos plans de estudio: dende o curso 2007-2008 ata o 2010. O último curso con oferta de prazas de primeiro curso de planos antigos será o 2009-2010. En setembro de 2010 haberá que ofertar os novos plans de estudio. Os estudantes matriculados nos títulos antigos rematarán de acordo coas normas anteriores. Non está resolta a transición aos títulos novos por parte destes estudantes.</p> <p>Intervén a profesora Inés Iglesias Canle para comentar que segundo conversas mantidas co Decano da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo de Vigo, Bolonia supón un retroceso aos plans de estudio anteriores e que en Dereito hai unha proposta para boicotear esta proposta, por supor un retroceso. Informa tamén que na Universidade de Santiago están ao marxe de todo o proceso de Bolonia.</p> <p>O Presidente resposta que se trata da aplicación de leis, con independencia das valoracións que se fagan dende os distintos ámbitos. Igualmente comenta que aínda poden existir novas competencias profesionais, pero que esta vai a ser a única modificación de importancia e que outro tema conflictivo será o dos cursos comúns por ámbitos.</p> <p>A profesora Inés Iglesias pregunta o Presidente acerca dos títulos propios e o rexistro de posgraos.</p> <p>O Presidente comenta que a Xunta confía nas universidades nese tema e que vai haber modificacións no doutoramento. A proposta da Xunta será que, nunha primeira etapa non se aprobe ningún título novo e que solo se transformen os actuais e que, a partir dos dous primeiros anos, a Universidade fará unha proposta de titulacións novas.</p> <p>A profesora Inés Iglesias pregunta ao Presidente se vai haber normativa que regule as dobres titulacións, xa que na nosa Universidade temos dúas titulacións en Dereito.</p> <p>O Presidente explica que vai haber unha reconversión. A Xunta aprobará unha norma xeral para tódalas universidades, pero que isto non implica a desaparición das titulacións. O Presidente pedirá, no proceso de reordenación, un esforzo de especialización e viabilidade.</p> <p>A profesora Inés Iglesias pregunta ao Presidente se a</p>
--	---



	<p>especialización será vía posgrao. O Presidente responde que se poden facer tódalas propostas que se queira, que a responsabilidade é da Universidade e que a norma autonómica será xenérica para tódalas universidades.</p> <p>O profesor Enrique Barreiro pregunta se vai haber 60 créditos comúns, por exemplo, no caso de informática con arquitectura e que se o que se pide é especialización, cómo con contidos tan xeneralistas, pode haber diferencias; e en todo caso, afirma, estas serán mínimas.</p> <p>O Presidente considera que no caso de informática non se vai ter que facer un esforzo especial por ese motivo, pero que poderían aproveitar a oportunidade para ofertar contidos atractivos. Outras titulacións, como as filoloxías, quizais, terán que ofertar un título iteruniversitario, por exemplo. A estratexia é aproveitar esta oportunidade para aproximar as titulacións a másters profesionalizantes e o empregador. Haberá titulacións que terán que esforzarse máis que outras.</p> <p>A profesora Inés Iglesias pregunta se poderá haber dobres titulacións, ao que o Presidente contesta que esa será unha cuestión que se poderá negociar se se trata de propostas atractivas. Recomenda calma.</p> <p>A profesora Inés Iglesias apunta que en Dereito o primeiro será reformar o grao, que ata o de agora non se conseguiu e, despois abordarase o posgrao ao que o Presidente contesta que o mellor hai que facer novas propostas no grao. A profesora Inés Iglesias considera que primeiro hai que saber cál vai ser o posgrao para posteriormente analizar o grao. O Presidente apunta que, obviamente, cada centro ten que buscar a súa vía.</p> <p>O Sr. Arturo Rodríguez Sampayo pregunta se o equipo reitoral vai cambia-lo programa informático para adaptalo os novos graos e posgraos e constata que xa se están a producir problemas nos POP. A esta cuestión o Presidente responde que xa hai un programa na Xunta para resolvelo e que a Consellería de Educación quere crear un consorcio informático coas tres universidades e a Axencia de Calidade para buscar unha solución informática de conxunto e co compromiso de pagar a transformación. O Presidente manifesta o interese da Universidade en participar nesas condicións.</p> <p>De seguido, o Presidente informou das seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none">- Que se acadou un acordo no 2º Convenio do PAS laboral en
--	--



	<p>Vigo que se vai aplicar inmediatamente e que se publicará no DOGA sobre mediados de abril. Que a Universidade necesita, no prazo de 6 anos, realizar un estudio externo para facer unha revisión dos postos de traballo e das funcións na Universidade.</p> <ul style="list-style-type: none">- Que hai unha candidatura presentada para a vicexerencia do Campus de Ourense, pero que se están a producir atrancos legais que se espera desbloquear en breve.- Sobre as seguintes actuacións no Campus de Ourense: as obras do soto do edificio facultades rematarán en abril; as do CITI (Centro de Investigación, Transferencia e Innovación) en setembro e as da piscina nun ano máis ou menos. Estase a traballar coa Consellería de Cultura e Deporte no tema das pistas de atletismo. Tamén se está a tratar o tema do soterramento da estrada e negociando coa Vicepresidencia da Xunta o tema da gardería.-Xa houbo unha primeira xuntanza cos presidentes das Comisións do Claustro e xa hai calendario: constituiranse en marzo e se a LOU se aproba en abril, nese momento iniciarán os seus traballos para adaptarnos as novas normas o máis rapidamente posible. <p>O profesor Juan Carlos Mejuto pregunta que, xa que o Convenio do PAS aproba un incremento salarial de o 10%, se lle vai a subir o salario nun 10% ao persoal docente e investigador. O Presidente afirma que esta subida salarial non supón equiparar ao persoal laboral co funcionario e que, se ben descoñece o obxectivo sindical para os próximos anos, os incrementos pactados de entre o 6 e o 11% acadan a paz social ata o 2010 e por esa razón están moderadamente satisfeitos. Respecto do PDI, o Presidente informa sobre a petición do complemento por transferencia por atender a tódalas actividades que un docente pode realizar e que este ano se vai a pagar o complemento por cargo académico.</p> <p>A profesora Inés Iglesias pregunta se se vai abril a convocatoria, ao que o Presidente responde que si.</p> <p>O Sr. Xurxo Gómez Alonso pregunta se hai prazo para o soterramento da estrada a Manzaneda e se este se vai a producir. O Presidente informa de que se esta a estudar esa posibilidade, pero que solo existe o compromiso de estudiala. Igualmente, en Vigo se pediu a conexión do campus coa autoestrada e estase a estudar.</p> <p>O Sr. Xurxo Gómez Alonso reitera a súa pregunta sobre si existe algún prazo, o que o Presidente responde que non, xa que non se pediu un compromiso sobre os prazos.</p> <p>O profesor Jesús Vázquez pregunta para cando está prevista a</p>
--	--



	<p>impermeabilización do edificio Xurídico-empresarial. Respóndelle o Vicerrector do campus de Ourense que en maio, xa que ten que ser en período non lectivo. Asimesmo informa que a segunda fase de instalación do aire acondicionado xa está contratada.</p> <p>O Sr. Arturo Rodríguez Sampayo recorda o compromiso de gratuidade no Centro de Linguas para os traballadores da Universidade e pregunta se se vai aplicar aos funcionarios e os PDI. O Presidente contéstalle que descoñece o tema, pero que lle parece lóxico que así sexa.</p> <p>O profesor Juan Carlos Mejuto intervén para afirmar que lle gustaría que se equiparase ao PDI co PAS, iniciándose un debate no que intervén tamén o Sr. Arturo Rodríguez Sampayo sobre a figura do xerente. O Presidente lembra que esta é unha cuestión que xa se ten debatido e que o salario do xerente da Universidade de Vigo está entre os máis baixos en España e en Galicia para un cargo tan duro e de tan alta responsabilidade.</p> <p>O Presidente cede a palabra ao Vicerrector do Campus de Ourense e pásase o punto segundo da orde do día.</p> <p>Informe das solicitudes de cursos de extensión universitaria.</p> <p>O Vicerrector do Campus de Ourense informa que hai solicitados 8 cursos de extensión universitaria:</p> <ul style="list-style-type: none">- Iniciación ao desenvolvemento de aplicacións para dispositivos móbiles.- Cata de viños, augardentes e licores.- O novo imposto sobre a Renda das persoas Físicas: liquidación e planificación do comportamento fiscal.- Galegos de Ourense III: política, literatura e Igrexa.- Novos formatos: outras pantallas.- A Limia na época medieval.- O cambio climático: evidencias, causas e consecuencias en Galicia.- Deporte, empresa e sociedade: deporte e turismo. Sectores económicos en auxe. <p>Apróbanse por asentimento.</p> <p>Informe das solicitudes de organización de actividades e para a dotación de material das asociacións estudiantís.</p> <p>O Vicerrector do Campus de Ourense informa de que para poder optar a estas axudas se esixe que as asociacións estean dadas de</p>
--	---



	<p>alta no Rexistro da Universidade e de hai tres solicitudes para a organización de actividades por parte de: OPICO: II Xornadas Xurídico-Sociais e II Xornadas sobre as profesións Xurídicas: 2.800 € SYME: Programa de Actividades Ambientais Universitarias: 2.800 € CAEF: Xornadas Outro Mundo é Necesario: 2.800 € Apróbanse por asentimento.</p> <p>O Vicerreitor do Campus de Ourense informa de hai catro solicitudes para a adquisición de material: Apróbanse por asentimento a concesión de ó máximo, 300 € para OPICO e SYME, e que quede en suspenso a concesión destas axudas a Estudantes Aulas Formación Aberta e ALTAGA ata que fagan a solicitude desta axuda segundo a normativa</p> <p>Rolda de intervencións.</p> <p>Pide a palabra o profesor José Antonio Fraiz e pasa a informar que o Convenio sobre un proxecto interdisciplinar sobre dependencia coa Deputación ten problemas na súa tramitación administrativa que dificultan a dispoñibilidade do financiamento. Informa asimesmo que el é o coordinador dos grupos de investigación que participan e que o problema xurde porque se optou pola fórmula firmar un convenio coa Deputación. Unha vez feito, pide que a axilización do ingreso. Segundo parece, o problema é que os cartos se atopan centralizados. Tamén solicita a Vicerreitoría que axilice o ingreso para o posgraio, xa que se está a afectar a planificación do Máster de Turismo, pois hai moitos gastos comprometidos e que non se poden liquidar.</p> <p>O Presidente respóndelle que o problema terá que ver seguramente coa forma de facer o ingreso, que será un problema de cualificación do ingreso, e que se consultará a contabilidade.</p> <p>Pide a palabra o profesor Jesús Vázquez para informar de que existe un problema no edificio Xurídico-empresarial coa conserxería, xa que o espazo da sala habilitada ao efecto non é suficiente para as catro persoas que desenvolven nela o seu traballo, nin para almacenar o material necesario. Propón que amplíe ou cambie a devandita sala.</p> <p>Responde o Vicerreitor do Campus de Ourense que a solicitude debe facerse formalmente e que, aínda que parece que non haberá unha solución fácil, se confíe no criterio do arquitecto responsable da Unidade Técnica, Javier Suances.</p>
--	---

